

22 de febreiro,
**Día pola
igualdade
Salarial**




**INFORME SOBRE A
DESIGUALDADE SALARIAL
EN GALICIA**

Secretaría de Igualdade, Xuventude e Movementos Sociais de UGT - Galicia

ÍNDICE	
BRECHA SALARIO/HORA NA UNIÓN EUROPEA SEGUNDO EUROSTAT	2
GANANCIA POR HORA NORMAL TRABALLADA. ESPAÑA	4
BRECHA SALARIAL EN GALICIA	5
SALARIO MEDIO ANUAL GALICIA	5
SALARIO MEDIO ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS	7
COMPLEMENTOS SALARIAIS	8
TIPO DE CONTRATACIÓN	9
SECTOR PÚBLICO/PRIVADO	10
TRAMOS DE IDADE	10
SALARIOS SEGUNDO ESTUDOS	11
RAMAS DE ACTIVIDADE	12
SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL	14
PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO	14
PENSIÓNS	15
CONCLUSIÓNS	18

BRECHA SALARIO/HORA NA UNIÓN EUROPEA SEGUNDO EUROSTAT

A brecha salario/hora en España sitúase no 14,2%, triplicando as brechas de Luxemburgo, Italia e Romanía. A brecha media na Unión Europea é do 16,2%.



Segundo datos de Eurostat, que analiza a brecha salarial en salarios hora, ponse de manifesto que as mulleres seguen gañando unha media do 16,2% menos que os homes na Unión Europea, o que supón que dende o 3 de novembro e ata o final de ano (queda un 16% do ano laboral) as mulleres europeas traballan gratis. En España a brecha é do 14,2%, triplicando as taxas de Italia, Romanía e Luxemburgo, polo que as traballadoras do noso país traballan gratis desde o 10 de novembro ata final de ano.

Algúns dos factores que contribúen a aumentar a brecha salarial, segundo a Comisión Europea, son:

- Os cargos de dirección e supervisión son abrumadoramente ocupados polos homes. Dentro de cada sector os homes son, a miúdo, máis promocionados que as mulleres, e mellor pagos como consecuencia diso. Esta tendencia ten o seu maior reflexo no nivel máis alto, entre os CEO só o 6,3% son mulleres.
- As mulleres fanse cargo das tarefas non pagas, como o traballo doméstico e o coidado de menores ou familiares en maior escala que os homes. Os homes utilizan unha media de 9 horas por semana en coidados non remunerados e actividades domésticas, mentres que as mulleres traballadoras dedican 22 horas semanais, case 4 horas todos os días. No mercado laboral isto reflíctese no feito de que máis de 1 de cada 3 mulleres reduce o seu salario por traballar a tempo parcial, mentres que só 1 de cada 10 homes fai o mesmo.
- As mulleres tenden a permanecer máis tempo fóra do mercado laboral que os homes. Estas interrupcións de carreira non só inflúen no pago por hora, senón que tamén repercute nas ganancias e pensións futuras.
- Segregación na educación e no mercado laboral; isto significa que, nalgúns sectores e ocupacións, as mulleres tenden a estar excesivamente representadas, mentres que noutros están infrarrepresentadas. Nalgúns países, as ocupacións dominadas predominantemente por mulleres, como a docencia ou o comercio, ofrecen salarios máis baixos que as ocupacións predominantemente realizadas polos homes, mesmo cando se necesita o mesmo nivel de experiencia e educación (formación).
- A discriminación salarial, aínda que ilegal, segue contribuíndo á brecha salarial de xénero.

A brecha de xénero nos ingresos xerais toma en conta tres tipos de desigualdades ás que se enfrontan as mulleres:

- menor ganancias por hora;
- traballar menos horas en traballos remunerados; e
- menores taxas de emprego (por exemplo, ao interromper unha carreira para coidar de menores ou familiares).

“EU TRABALLO GRATIS”. Por todo isto, a partir do 10 de novembro, UGT relanzou a campaña “Eu traballo gratis”, por terceiro ano consecutivo, co fin de concienciar, en primeiro lugar, a todos os traballadores e traballadoras sobre esta discriminación por razón de sexo que ten unha repercusión severa nos salarios das mulleres e que vai acentuarse máis aló da súa vida laboral, durante a súa etapa de xubilación, provocando unha elevada porcentaxe de mulleres que aínda que tiveron un emprego ao longo de toda a súa vida, están risco de situarse por baixo dos límites de pobreza.

GANANCIA POR HORA NORMAL TRABALLADA. ESPAÑA

As mulleres galegas, tras as canarias e cántabras, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado, e a súa retribución é un 15,2% inferior á dos homes galegos.

<i>euros/hora</i>	Mulleres	Homes	Brecha salarial
Estado	13,60	15,94	14,7
Andalucía	12,55	14,89	15,7
Aragón	13,04	15,47	15,7
Asturias	13,02	16,69	22,0
Baleares	13,42	14,84	9,6
Canarias	11,60	12,79	9,3
Cantabria	12,21	15,30	20,2
Castela e León	12,74	15,01	15,1
Castela - A Mancha	12,64	13,93	9,3
Cataluña	14,23	16,97	16,1
Comunidade Valenciana	12,61	14,74	14,5
Estremadura	12,35	13,31	7,2
Galicia	12,23	14,42	15,2
Madrid	15,17	17,68	14,2
Murcia	12,34	14,46	14,7
Navarra	14,91	18,35	18,7
País Vasco	16,60	19,37	14,3
Rioxa, A	13,08	15,14	13,6


Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2016. INE.

Para poder analizar a ganancia por hora normal traballada en España, é necesario recorrer á Enquisa Anual de Estrutura Salarial do INE, a do ano 2016, publicada en 2018. Como xa se indicou, dado que as mulleres teñen maior temporalidade na contratación e maior peso da contratación a tempo parcial, isto pode ser utilizado como escusa para xustificar unha ganancia media anual inferior, que coa ganancia por hora normal de traballo xa non se podería xustificar.

As mulleres galegas perciben un 10% menos de salario por hora normal traballada que a media de mulleres do conxunto do Estado, e un 15,2% menos que os homes galegos.

BRECHA SALARIAL EN GALICIA

No ano 2016, as mulleres galegas percibiron un salario medio anual inferior nun 23% ao dos homes, polo que lonxe de reducirse, a brecha volve a incrementarse.



Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2016. INE.

A brecha salarial en Galicia sitúase no 23% de media anual, polo que de novo, volve a incrementarse, acadando unha porcentaxe superior incluso á existente no ano 2010. A brecha así calculada, ten en conta as retribucións medias anuais de mulleres e homes, o número de horas traballadas e a duración do contrato.

SALARIO MEDIO ANUAL GALICIA

A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia no ano 2016 foi de -5.479,74€, a máis ampla de todo o período analizado. As mulleres galegas perciben un salario medio similar (o dato máis próximo) ao que percibían os homes galegos no ano 2005.

	Mulleres	Homes	Dif M/H	%M/H
2004	12.713,83	17.260,69	-4.546,86	26,34
2005	13.342,46	17.974,15	-4.631,69	25,77
2006	14.243,82	19.021,50	-4.777,68	25,12
2007	15.007,78	19.511,30	-4.503,52	23,08
2008	16.646,42	21.105,60	-4.459,18	21,13
2009	17.342,32	21.829,80	-4.487,48	20,56
2010	17.691,11	22.626,21	- 4.935,1	21,8
2011	17.291,96	22.381,85	- 5.089,89	22,7
2012	16.727,15	22.059,69	- 5.332,54	24,2
2013	17.258,21	22.522,55	- 5.264,34	23,4
2014	17.797,03	22.505,05	- 4.708,02	20,9
2015	18.093,26	23.189,76	- 5.026,5	22,0
2016	18.294,47	23.774,21	- 5.479,74	23,0

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2016. INE.

A diferenza salarial anual entre homes e mulleres no ano 2016, é a máis alta do período analizado, situándose nos 5.479,74 euros. No último ano, os salarios dos homes incrementáronse de media en 584,45 euros, mentres que os das mulleres só o fixeron en 201,21 euros .

O salario medio das mulleres galegas sitúase no 2016 en niveis similares aos que tiñan os homes no ano 2005, o que pon de manifesto as grandes diferenzas existentes, así como a lenta revalorización do salario feminino.

Se contabilizamos a brecha salarial en euros, constátase como as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.694,4 millóns de euros no ano 2016

	Retribución media anual mulleres	Retribución media anual homes	Brecha en euros	Mulleres ocupadas	Total brecha en millóns de euros
2014	17.797,03	22.505,05	-4.708,02	473.700	2.230,2
2015	18.093,26	23.189,76	-5.096,50	479.000	2.441,2
2016	18.294,47	23.774,21	-5.479,74	491.700	2.694,4

Fonte: Enquisa anual de estrutura cuatrienal 2014 e EPA

A brecha salarial traducida en euros, supón que as mulleres galegas deixaron de percibir 2.694,4 millóns de euros no ano 2016, e isto deixando á marxe o que supoñería o traballo non retribuído das mulleres que se desempeña dentro do ámbito familiar coidando menores, persoas dependentes e realizando as tarefas do fogar, no que non entrarían só as mulleres ocupadas.

SALARIO MEDIO ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

As mulleres galegas temos unha brecha salarial superior á do conxunto do Estado, e percibimos un 9,1% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado (somos a sétima CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo).

	Mulleres	Homes	Brecha salarial
Total Nacional	20.131,41	25.992,76	22,35
Andalucía	18.177,37	24.200,20	24,35
Aragón	18.766,21	25.555,56	25,90
Asturias	19.077,92	26.514,68	29,37
Baleares	19.702,60	23.411,35	15,39
Canarias	18.211,44	21.336,72	13,89
Cantabria	18.216,84	25.259,83	27,74
Castela e León	18.662,42	24.135,64	23,66

Castela - A Mancha	18.213,71	22.765,56	20,36
Cataluña	21.110,34	27.514,06	23,44
Comunidade Valenciana	18.349,52	23.919,14	22,48
Estremadura	17.360,28	21.813,81	19,46
Galicia	18.294,47	23.189,76	23,05
Madrid	23.371,33	29.314,09	19,72
Murcia	18.033,05	23.773,09	24,70
Navarra	20.946,00	28.727,37	28,02
País Vasco	23.428,18	31.088,99	24,43
Rioxa, A	19.047,20	24.532,64	22,74

Fonte: Enquisa Anual de estrutura salarial Ano 2016. INE.

Os ingresos medios das mulleres galegas (18.294,47euros) foron -1.836,94 euros inferiores á media dos salarios medios das mulleres do conxunto de comunidades autónomas (-9,1%). As mulleres galegas perciben un 22% menos de salario que as mulleres vascas (consideradas estas por ter o maior salario).

A estrutura de emprego e ocupación non é homoxénea en todas as CCAA, o que explica a variación da fenda salarial dunhas comunidades e outras, pero en todas os salarios das mulleres son moito máis baixos que os dos homes.

COMPLEMENTOS SALARIAIS

Nos pagos extraordinarios a brecha elévase ao 27,8%.

	Homes	Mulleres	Diferenza	Brecha
Salario bruto	22.505,05	17.797,03	4.708,02	20,9
Pagos extraordinarios	2.738,91	1.976,25	762,66	27,8
Valoración en especie	56,77	25,15	31,62	55,7

Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial Ano 2014. INE.

Un factor que explica por si mesmo a brecha salarial é a existencia ou non de complementos salariais e o seu peso sobre o total de salario bruto. O peso que teñen os complementos

salariais no caso do salario bruto anual dos homes é moi superior, (762,66 euros máis) ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,8%; actuando sobre estes poderíase reducir en boa medida a desigualdade nos salarios entre homes e mulleres, e máis tendo en conta que moitas veces estes complementos non se basean en cuestións obxectivas nin cuantificables, polo que esconden tras de si discriminacións directas.

TIPO DE CONTRATACIÓN

A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior.

Galicia . Ganancia media anual por persoa traballadora, sexo e tipo de contrato

	Mulleres	Homes	Diferenza	% 2016
Indefinida	19.111,36	25.184,74	-6.073,38	24,1
Determinada	14.727,26	17.420,46	-2.693,20	15,5

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2016 . INE.

A maior temporalidade diminúe a brecha salarial, sendo nos contratos de duración indefinida nos que se amosa un maior diferencial entre homes e mulleres. No ano 2016 en Galicia houbo 308.100 homes con contratos indefinidos (cuxo salario é superior nun 24,1% ao feminino) fronte a 288.600 mulleres; rexistráronse e 97.900 homes con contrato de duración determinada fronte a 105.600 mulleres (cunha brecha dun 15,5%).

Os salarios dos contratos temporais son moi inferiores aos de duración indefinida, onde as mulleres son maioría. Pola contra, na contratación indefinida, onde son máis homes que mulleres, ademais de ter ganancias moi superiores, a diferenza salarial media elévase a 6.073,34€ (-2.693,20 euros nos temporais).

A brecha salarial nos contratos a tempo completo é do 10,22%, mentres que nos contratos a tempo parcial sitúase no 7,4%, polo que independentemente da variable que analicemos, as mulleres sempre perciben salarios inferiores ás dos homes.

	Mulleres	Homes	Diferenza	% 2016
Tempo completo	21.856,33	24.344,91	-2.488,58	10,22
Tempo parcial	8.781,79	9.489,81	-708,02	7,46

Fonte: Enquisa Cuadrienal Estrutura Salarial (2014).

SECTOR PÚBLICO/PRIVADO

A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 5,9% fronte ao 26,8% nas empresas de control privado

Control da empresa	Mulleres	Homes	Diferenza	% 2014
Público	26.473,66	28.142,92	-1.669,26	5,9
Privado	15.689,60	21.436,50	-5.746,90	26,8

Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2014. INE.

Tendo en conta a Enquisa cuadrienal de Estrutura Salarial 2014 do INE a brecha salarial en empresas de control público é do 5,9% fronte ao 26,8% nas empresas de control privado. Hai que ter en conta os continuados recortes salariais aplicados polo goberno ao persoal ao servizo das administracións públicas, que contan cun total de 147.783 persoas, o 57,8% son mulleres (85.424). (Fonte: Boletín de personal al servicio de las admores públicas de xullo de 2018 do Registro Central de personal).

TRAMOS DE IDADE

En todos os tramos de idade as mulleres perciben salarios inferiores aos dos homes, e a maior idade maior brecha salarial.

2016	Mulleres	Homes	% M/H 2015
Todas as idades	18.294,47	23.774,21	23,0
Menos de 25 anos	..	-11.392,99	..

De 25 a 34 anos	14.720,35	18.375,50	19,9
De 35 a 44 anos	18.277,70	22.969,13	20,4
De 45 a 54 anos	19.938,93	26.161,33	23,8
55 e máis anos	20.545,74	27.216,37	24,5

*Nota: Cando aparece un signo '-' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela. Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial. INE.

A maior idade, incrementase a brecha salarial. Mentres que as mulleres de máis de 35 anos sofren unha brecha do 20,4%, no seguinte tramo de idade, de 45 a 54 anos é do 23,8%, no de 55 e máis anos, do 24,5%. Pero non quere dicir que sexa máis igualitario o mercado laboral nas persoas novas, senón que hai maior temporalidade, e como se comprobou anteriormente, a maior temporalidade menor brecha salarial entre homes e mulleres.

SALARIOS SEGUNDO ESTUDOS

A igual formación, as mulleres perciben sempre salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 18.400 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, necesitan ter unha Diplomatura universitaria ou similar.

	Mulleres	Homes	Diferenza	Brecha
Todos os niveis	17.797,03	22.505,05	-4.708,02	20,9
Primaria	11.588,57	18.448,46	-6.859,89	37,2
1ª etapa secundaria	13.944,47	18.737,82	-4.793,35	25,5
2ª etapa secundaria	16.285,84	21.835,72	-5.549,88	25,4
FP superior e similares	-16.542,73	22.479,59	-	-
Diplomatura universitaria e similar	22.217,96	-30.005,45	-	-
Licenciatura, doutoramento e similar	28.058,84	34.611,95	-6.553,11	18,9

Nota: Cando aparece un signo '!' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2014.

A igual nivel de estudos as mulleres perciben menos salario que os homes con independencia da categoría analizada. A brecha salarial supera o 25% en todos os niveis analizados excepto no caso de ter unha licenciatura, doutoramento ou similar (18,9%), aínda que neste caso a diferenza elévase aos 6.553,11 euros. A brecha dispárase aínda máis no caso dos estudos primarios, alcanzando unha diferenza do 37,2%.

A táboa reflicte que un home con estudos primarios percibe unha retribución media de 18.448,46 euros, mentres que unha muller, para alcanzar dita retribución salarial necesita ter unha Diplomatura universitaria ou similar.

RAMAS DE ACTIVIDADE

En todas as ramas de actividade económica os salarios das mulleres son inferiores aos dos homes. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca cunha brecha do 30,4%, Entidades Financeiras e Aseguradoras cun 29,6% e Industria co 29,4%, son as que presentan as brechas máis elevadas.

Salario medio anual por ramas de actividade económica e sexo Galicia 2017

	Salario Homes	Salario Mulleres	Brecha 2017	% mulleres asalariadas	Mulleres Asalariadas 2017
Total sectores	20.554	16.123	21,6	47,2	483.752
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	16.260	11.310	30,4	18,5	4.544
Industria extractiva, enerxía e auga	29.215	21.601	26,1	17,8	2.004
Industria	22.213	15.676	29,4	31,5	43.564
Construción e actividades inmobiliarias	17.764	16.223	8,7	14,9	11.449

Comercio, reparacións e transporte	19.809	14.283	27,9	44,4	101.139
Información e comunicacións	25.551	19.338	24,3	36,9	7.284
Entidades financeiras e aseguradoras	39.304	27.662	29,6	51,2	10.750
Servizos ás empresas	16.905	12.109	28,4	54,3	70.797
Servizos sociais	26.863	22.234	17,2	63,2	158.172
Outros servizos persoais e de ocio	10.903	7.823	28,2	59,3	74.049

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2017

A maior diferenza retributiva dáse na rama de “Agricultura, gandería, silvicultura e pesca”, onde o salario feminino é inferior no 30,4% (4.544 mulleres asalariadas nesta rama de actividade fronte a 20.053 homes), seguida das Entidades financeiras e aseguradoras cun 29,6% (10.750 mulleres, o 51,2% do total) e na Industria cun 29,4% (onde o peso de ocupación feminina sobre o total é do 31,5%). Non podemos esquecer a rama de “Comercio, reparacións e transporte” onde están ocupadas a quinta parte das mulleres, soportando unha brecha salarial do 27,9%.

As menores diferenzas danse na “Construción e actividades inmobiliarias” e “Servizos sociais”, cun 8,7% e un 17,2% de brecha salarial, respectivamente. Na Construción o número de mulleres en relación ao total de persoas asalariadas é escaso, o 14,%, e dado que as súas labores soen ser de tipo técnico, comercial, de xestión, etc. están mellor retribuídas. Nos “Servizos sociais” hai un gran peso do emprego público e polo tanto menor segregación e discriminación por sexo. As mulleres nos Servizos sociais representan o 63,2% do total de persoas asalariadas no sector.

SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL

O 37,1% das mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 26,2% dos homes, pero a situación invértese nos salarios máis altos.

Galicia 2017 Persoas asalariadas por tramos de salarios (SMI)

	Homes	Mulleres	% M
Total	541.426	483.752	47,2
≤ a 1 SMI	141.632	179.488	55,9
Máis de 5 SMI	28.253	12.298	30,3
Máis de 10 SMI	3.054	627	17,0

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2010 e 2017

No ano 2017 segundo a AEAT, un 37,1% de mulleres teñen ingresos salariais menores ou iguais ao Salario Mínimo Interprofesional (9.907,80 euros/ano) fronte ao 26,2% dos homes. Se pola contra facemos unha análise dos salarios máis elevados, 28.253 homes tiveron salarios cinco veces superiores ao SMI, fronte ao 12.298 mulleres, e moi significativo é que das 3.681 persoas que en Galicia cobran máis de 10 veces o SMI, só 627 son mulleres.

Só o 28,7% das mulleres gañan máis de 19.815,€ ao ano (dúas veces o SMI), mentres que o 40,2% dos homes supera esa cantidade. A subida do SMI a 900€ mensuais mellorará sen dúbida á poboación máis desfavorecida no emprego asalariado, as mulleres.

Para a AEAT enténdese por persoa asalariada, o colectivo formado polas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregadas por conta allea en xeral). A referencia anual para a definición da poboación asalariada e a existencia de situacións de pluriemprego, de traballo a tempo parcial e de relacións laborais de duración inferior ao ano posibilita que unha persoa asalariadas obteña, ao logo do ano, percepcións salariais de dúas ou máis empresas ou entidades.

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

As beneficiarias de prestación por desemprego son menos e a contía que perciben é inferior á dos homes nun 12,5%.

	Desempregadas/os con prestación		Prestación media anual		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza
2017	115.752	112.843	3.242	2.837	12,5%

Fonte: AEAT "Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias" Ano 2017

Desde sempre as mulleres teñen menos acceso ás prestacións por desemprego debido ás escasas cotizacións, tanto en termos temporais como monetarios, derivada das súas condicións de contratación e salario, polo que moitas son as situacións nas que non se acadan os mínimos requiridos para ser beneficiarias deste tipo de prestación o que deriva en que a súa situación de risco de exclusión e vulnerabilidade sexa superior á dos homes.

En Galicia, mentres que un home perciben unha prestación media anual de 3.242 euros, a das mulleres sitúase en 2.837 euros (un 12,5% inferior).

E nesta análise non podemos esquecer ás 26.744 (dato ano 2017) traballadoras do Sistema Especial de persoas empregadas do fogar da Seguridade Social (tan só hai 603 homes neste sistema) que non teñen dereito a desemprego.

PENSIONES

Mentres que no ano 2002 a diferenza entre a pensión de xubilación dun home e dunha muller en Galicia era de 188,48 euros, no ano 2018 elévase a 401,60 euros.

	Número		Importe medio (euros)			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza	Brecha
2002	237.695	193.147	567,03	378,55	- 188,48	33,24
2006	242.410	191.575	707,81	454,03	- 253,78	35,85
2010	253.923	192.403	875,55	546,71	- 328,84	37,56
2014	268.348	197.041	997,18	617,99	- 379,19	38,03

2016	271.375	198.862	1.041,41	646,76	- 394,65	37,90
2017	273.062	200.584	1.061,64	664,00	- 397,64	37,46
2018	273.549	201.255	1.080,80	679,20	-401,60	37,16

Fonte: Media anual. Seguridade Social.

Entre os anos 2002 e 2018 increméntase o número de homes que perciben unha pensión de xubilación en Galicia en 35.854, fronte a tan só 8.108 mulleres. En canto ás diferenzas no importe medio destas pensións, lonxe de diminuír, foise incrementando co paso dos anos, xa que se ben no ano 2002 a diferenza entre a pensión media dun home e dunha muller era de 188,48 euros, no ano 2018 sitúase nos 401,60 euros.

A brecha salarial nas pensións de xubilación elévase para as mulleres galegas ata o 37,2%.

Pensións contributivas da Seguridade Social por clases e importe medio. Galicia 2018

	Número		Importe medio (euros)			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza	Brecha
Total	354.006	407.945	992,49	632,30	-360,19	36,3
Incapacidade permanente	46.608	23.404	902,62	742,48	-160,14	17,7
Xubilación	273.549	201.255	1.080,80	679,20	-401,60	37,2
Viuvez	18.863	168.122	408,43	580,62	172,19	-42,2
Orfandade	12.661	11.084	381,59	380,34	-1,25	0,3
Favor familiares	2.325	4.081	469,31	500,46	31,15	-6,6

Fonte: Media anual. Seguridade Social.

Da análise das pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia no ano 2018 compróbase un importe medio mensual de 632,30 euros para as mulleres, moi inferior aos 992,49 euros que perciben os homes.

Se temos en conta só a pensión de xubilación, o diferencial é aínda máis elevado, xa que o importe medio que perciben as mulleres se sitúa nos 679,20 euros, fronte aos 1.080,80 euros dos homes.

Hai só dous casos no que existen unha diferenza salarial a favor das mulleres, un deles atopámolo no caso das pensión de viuvez (sendo o importe medio para as mesmas de 580,62 euros, e tendo en conta que esta pensión en moitos casos é a única fonte de ingresos das mulleres, non así nos homes) o que pon de manifesto unha vez máis, os salarios máis elevados que perciben os homes.

Ademais de analizar a brecha salarial, UGT denuncia que a lexislación actual, tanto a nivel europeo, nacional como autonómico, é totalmente insuficiente para poder eliminala.

Hai que ter en conta que nos últimos anos non se adoptou ningunha medida nova en materia de igualdade nas retribucións, polo que as explicacións das diferencias salariais hai que buscalas nas modificacións doutros aspectos do emprego. A brecha salarial evidencia que unha parte importante da mesma reside na segregación ocupacional e sectorial, que condena ás mulleres a ocupar os sectores de actividade con menor recoñecemento económico e nas categorías máis baixas.

A negociación colectiva é o instrumento a través do cal se establecen as condicións salariais da poboación traballadora, pero nin os convenios colectivos nin os Plans de Igualdade poden evitar a asignación por parte do empresariados de “complementos ad personam” dirixidos de maneira exclusiva á persoa traballadora que se quere premiar.

A tarefa pedagóxica de sensibilización da sociedade por un lado, e a inclusión de cláusulas nos Convenios Colectivos e nos Plans de Igualdade por outro, son dúas tarefas que desde UGT vimos desenvolvendo desde fai varias décadas, pero non é unha prioridade dos Gobernos nin do empresariado eliminar as diferenzas retributivas que separan a homes e mulleres. Unha parte importante da poboación acepta que hai “brechas salariais” pero non “discriminacións salariais”.

Por todo isto, o sindicato esixe ao Goberno a aprobación dunha Lei de Igualdade Salarial que ademais de avanzar nos conceptos, inclúa a obrigatoriedade de introducir a igualdade salarial en todos os Convenios Colectivos e Plans de Igualdade.

Fundamental é tamén unha Inspección de Traballo cualificada para detectar as múltiples vías a través das que se discrimina ás mulleres no emprego e se lles penaliza con salarios inferiores ós dos seus compañeiros.

CONCLUSIÓNS

- Segundo Eurostat, a brecha salario/hora en España sitúase no 14,2% (triplicando as brechas de Luxemburgo, Italia e Rumanía), polo que as traballadoras do noso país traballan gratis desde o 10 de novembro ata final de ano, sendo a brecha media na Unión Europea do 16,2%.
- Se analizamos o salario hora en España segundo datos do INE, as mulleres galegas, tras as canarias e cántabras, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado, e a súa retribución é un 15,2% inferior á dos homes galegos.
- A brecha salarial (que se calcula en función das retribucións medias anuais de mulleres e homes, e ten en conta tanto o número de horas traballadas como a duración do contrato) no ano 2016, foi para as mulleres galegas do 23%, polo que lonxe de reducirse, a brecha volve a incrementarse, acadando unha porcentaxe superior incluso á existente no ano 2010.
- A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia no ano 2016 foi de -5.479,74€, a máis ampla de todo o período analizado. As mulleres galegas perciben un salario medio similar (o dato máis próximo) ao que percibían os homes galegos no ano 2005. No último ano, os salarios dos homes incrementáronse de media en 584,45 euros, mentres que os das mulleres só o fixeron en 201,21 euros .
- Se contabilizamos a brecha salarial en euros, constátase como as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.694,4 millóns de euros no ano 2016
- As mulleres galegas temos ademais unha brecha salarial superior ao total nacional (22,35%), e percibimos un 9,1% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado (somos a sétima CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo).
- O peso que teñen os complementos salariais no caso do salario bruto anual dos homes é moi superior (762,66 euros máis) ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,8%, e explica en parte o diferencial existente.

- A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior. A brecha salarial nos contratos a tempo completo é do 10,22%, mentres que nos contratos a tempo parcial sitúase no 7,4%, polo que independentemente da variable que analicemos, as mulleres sempre perciben salarios inferiores ás dos homes.
- A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 5,9% fronte ao 26,8% nas empresas de control privado.
- En todos os tramos de idade as mulleres perciben salarios inferiores aos dos homes, e a maior idade maior brecha salarial.
- A igual formación, as mulleres perciben sempre salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 18.400 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, necesitan ter unha Diplomatura universitaria ou similar.
- Por ramas de actividade, a agricultura, gandería, silvicultura e pesca cunha brecha do 30,4%, as entidades financeiras e aseguradoras cun 29,6% e a Industria co 29,4%, son as que presentan as brechas máis elevadas.
- O 37,1% das mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 26,2% dos homes, pero a situación invértese nos salarios máis altos. Das persoas asalariadas que perciben cantidades iguais o menores ao SMI o 55,9% son mulleres (179.488 fronte a 141.632 homes).
- As beneficiarias de prestación por desemprego son menos e a contía que perciben é inferior á dos homes nun 12,5%. Non se pode esquecer ás 26.744 traballadoras do Sistema Especial de persoas empregadas do fogar da Seguridade Social (e 603 homes) que non teñen dereito a prestación por desemprego.
- No caso das pensións, a brecha é do 36,3%. Se se ten en conta só a pensión de xubilación, mentres que no ano 2002 a diferenza entre a dun home e a dunha muller en Galicia era de 188,48 euros, no 2018 elévase a 401,60 euros, o que supón unha brecha do 37,2%.